



O PP defende a «moderna estrutura territorial» do Goberno da Deputación

► O BNG critica a división xeográfica das competencias «porque despista ós cidadáns»

JOSÉ ESTÉVEZ

✉ jestevez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. A Deputación está dirixida por un «Goberno unido, plural e cohexionado que funciona correctamente». Foron as verbas coas que o vicepresidente da institución provincial, José Manuel Figueroa, defendeu a moderna estrutura de funcionamento implantada polo PP para a presente lexislatura, baseada no reparto territorial das competencias entre os 17 deputados da formación conservadora.

Figueroa, que onte presidiu a sesión plenaria que se desenvolveu no Pazo Provincial (sustituiu a Rafael Louzán, que tiña unha cita no edificio da Xunta, en Santiago), respostou ás críticas efectuadas polo voceiro do BNG, César Mosquera, nas que afirmou que a Deputación «está sen Goberno» porque hoxe en día non hai ningunha resolución presidencial na que estea recollida a nova estrutura organizativa. «Nós mesmos (os deputados nacionalistas) e os cidadáns estamos un pouco despistados porque a xente non sabe a quen dos 17 membros do equipo de Goberno deben dirixirse cando teñen que facer algunha pregunta», aseverou Mosquera.

«Funcionamos os 17», aclarou Figueroa, «cun presidente á cabeza que coñece moi ben esta casa».

O vicepresidente responsable das contas da institución engadiu que a decisión de que cada un dos deputados 'populares' sexa responsable dos asuntos da súa área xeográfica é debido a que «nesta nova etapa, marcada pola austeridade, ten que haber proximidade ós veciños. Neste senso, cada deputado coñece a súa zona perfectamente», argumentou.



José Manuel Figueroa (centro) presidiu onte a sesión plenaria que se desenvolveu no Pazo Provincial. XAN XIADAS

Figueroa restou importancia á falla dunha resolución oficial na que se determine o reparto xeográfico das competencias entre os membros do Goberno conservador. «As cousas están funcionando moi ben desde o inicio desta lexislatura (tomou posesión hai dous meses), na que tivemos que efectuar unha serie de reaxustes pola complicada situación económica na que nos atopamos. Deberían felicitarnos por ser innovadores e mudar os métodos de traballo cos que estamos desenvolvendo unha política de austeridade», dixo o voceiro do PP dirixíndose aos deputados da oposición.

O Goberno provincial agarda pola aprobación do orzamento de 2011, xa que, según sinalou Figueroa, «é necesario para axustar os novos métodos de traballo».

Axuda para reducir a emisión de CO2

A Deputación optará ás axudas que concede a Fundación Biodiversidad do Ministerio de Medio Ambiente para financiar o proxecto Pontevedra Stop CO2, que incide na redución da emisión de gases de efecto invernadoiro na provincia. O acordo foi aprobado onte polos membros da Corporación provincial.

O plan, promovido pola institución que preside Louzán, precisa dun investimento de 193.054 euros, podendo alcanzar a colaboración de Medio Ambiente un máximo dun 61,90 por cento do custe total do investimento.

Os obxectivos específicos de Stop

CO2 consisten en realizar unha estimación dos gases de efecto invernadoiro producidos polos concellos; dotalos de ferramentas para avaliar as emisións e capacitalos para o deseño de accións para a súa redución; facilitar á Deputación unha plataforma de comercialización de bonos de carbono compensado de Pontevedra e sensibilizar á cidadanía e axentes sociais.

En concreto, as accións que pretende realizar o ente provincial consisten na posta en funcionamento dun software de avaliación que permita realizar un inventario e unha primeira auditoría sobre a emisión de gases nos concellos, o deseño de proxectos propios para acadar esta redución e a posta en marcha dunha web de compra de bonos de carbono compensado.